



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA Nº 2022/5

SESIÓN ORDINARIA

DO PLENO CORPORATIVO

SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE LOUSAME,
VENRES, 27 DE MAIO DE 2022

No día de hoxe, ás **20:40 horas**, baixo a presidencia da Alcaldía-Presidencia, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, **Sesión Ordinaria** da **Pleno Corporativo**.

PRESIDE:

M^a TERESA VILLAVERDE PAIS (PP)

ASISTEN:

PP (GPM do PP)

RAMÓN MANUEL MARTÍNEZ RIAL

SILVIA AGRAFOJO FILGUEIRA

RAMÓN FIGUEROA PÉREZ

YÉSICA FERNÁNDEZ MIGUÉNS

JOSÉ ANTONIO CES BARREIRO

JESÚS MARTÍNEZ CASTRO

PSdG-PSOE (GPM do PSdG-PSOE)

JULIO M. D. PARADELA BUSTO

BEATRIZ GONZALEZ BARGO

IVÁN BERMÚDEZ CASTRO

BNG (Grupo Mixto)

ANXO MOLEDO CARREÑO (BNG)

AUSENCIAS:

SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A:

PAULA ARES OTERO

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima do terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldía e da Secretaría (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Parte resolutiva:

- 1 Aprobación, se procede, dos borradores das actas das seguintes sesións: sesión extraordinaria e urxente do 04.03.2022, sesión ordinaria do 25.03.2022 e sesión extraordinaria e urxente do 08.04.2022.
- 2 Aprobación inicial, se procede, do cambio na forma de xestión do Servizo de Axuda no Fogar, modalidade libre concorrência.
- 3 Aprobación definitiva, se procede, da Relación de Postos de Traballo do Concello de Lousame.

Parte de Control:

- 4 Dación de conta das Resolucións da Alcaldía, da 163/2022 á 265/2022.
- 5 Dación de conta do PMP relativo ao 1T 2022
- 6 Dación de conta do informe do artigo 218 do TRLRFL
- 7 Dación de conta dos informes resumen do control interno.
- 8 Inclusión, se procede, de mocións por razón de urxencia
- 9 Rogos e Preguntas.

1) APROBACIÓN, SE PROCEDE DAS ACTAS ANTERIORES

A Alcaldía explica que vai someter a aprobación o borrador das Actas das sesións anteriores. Pregunta se hai algún tipo de observación. Ante a ausencia de observacións, somete os borradores a aprobación.

— *Acta da sesión extraordinaria e urxente do 04.03.2022*

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta adopta o seguinte acordo: aprobar a Acta da sesión extraordinaria e urxente do día 04.03.2022.

2

— *Acta da sesión ordinaria do 25.03.2022*

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta adopta o seguinte acordo: aprobar a Acta da sesión ordinaria do día 25.03.2022.

— *Acta da sesión extraordinaria e urxente do 08.04.2022*

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta adopta o seguinte acordo: aprobar a Acta da sesión extraordinaria e urxente do día 08.04.2022.

2) APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO CAMBIO NA FORMA DE XESTIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, MODALIDADE LIBRE CONCORRENCIA

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación, que é a que de seguido se indica:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Asunto: Modificación no cambio de xestión dun servizo público. Servizo SAF Libre Concorrenca
Expediente TEDEC: 2022/C004/000004

PROPOTA DE ACORDO AO PLENO CORPORATIVO

O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción deste acordo, en aplicación da lexislación vixente no ámbito local, e á vista dos seguintes antecedentes administrativos e fundamentación xurídica:

Antecedentes Administrativos:

- 1) Providencia da Alcaldía do día 05.05.2022 relativa á solicitude de informe a esta Secretaría e Intervención sobre a lexislación e o procedemento para modificar a forma de xestión dun servizo público.
- 2) Informe da Secretaría-Intervención núm. 76/2022 do 09.05.2022, relativo á lexislación e o procedemento para modificar a forma de xestión dun servizo público.
- 3) Resolución da Alcaldía núm. 249 do 09.05.2022 mediante a que se crea unha Comisión de Estudo sobre a modificación da forma de xestión do servizo público "SAF Libre Concorrenca".
- 4) Acta de Constitución da Comisión de Estudo do 13.05.2022.
- 5) Memoria Xustificativa da Comisión de Estudo sobre os aspectos sociais, xurídicos, técnicos e financeiros, do 18.05.2022.
- 6) Acta de Disolución da Comisión de Estudo do 18.05.2022
- 7) Informe da Secretaría Intervención núm. 78/2022 do 18.05.2022, relativo á estabilidade orzamentaria con ocasión da modificación da forma de prestación do servizo.

3

Fundamentación Xurídica:

O expediente administrativo pretende cambiar a forma de prestación do Servizo de Axuda no Fogar, modalidade Libre Concorrenca. Neste momento préstase de xeito directo, mediante persoal propio; e preténdese prestar de xeito indirecto, mediante a licitación dun contrato de servizos, ao abeiro da Lei de Contratos do Sector Público.

A Memoria Xustificativa elaborada pola Comisión de Estudo contén os aspectos sociais, xurídicos, técnicos e económicos que motivan a proposta no cambio de prestación deste servizo público.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable, polo que, de conformidade co previsto no artigo 97 do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril e o artigo 22.2.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, o Pleno Corporativo

ACORDA:

Primeiro: Considerar que a forma máis axeitada para a xestión do Servizo de Axuda no Fogar, modalidade Libre Concorrenca, polos motivos expresados na Memoria Xustificativa elaborada pola Comisión de Estudo, é a seguinte:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- Xestión Indirecta mediante a celebración dun Contrato de Servizos, onde non se transfere o risco operacional ao contratista, senón que é asumido pola Administración.

Segundo: Aprobar inicialmente a modificación da forma de xestión do Servizo de Axuda no Fogar, modalidade Libre Concorrenza, de acordo coa Memoria Xustificativa.

Terceiro: Someter a Memoria Xustificativa e o expediente a información pública por un prazo de 30 días naturais, anunciándose no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro da Sede Electrónica do Concello, a efectos de que por calquera persoa interesada se poidan formular as observacións que se estimen pertinentes.

Documento asinado dixitalmente

A Alcaldía

M^a Teresa Villaverde Pais

A Alcaldía pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

*Asunto: Modificación no cambio de xestión dun servizo público. Servizo SAF Libre Concorrenza
Expediente TEDEC: 2022/C004/000004*

4

“O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción deste acordo, en aplicación da lexislación vixente no ámbito local, e á vista dos seguintes antecedentes administrativos e fundamentación xurídica:

Antecedentes Administrativos:

- 1) Providencia da Alcaldía do día 05.05.2022 relativa á solicitude de informe a esta Secretaría e Intervención sobre a lexislación e o procedemento para modificar a forma de xestión dun servizo público.
- 2) Informe da Secretaría-Intervención núm. 76/2022 do 09.05.2022, relativo á lexislación e o procedemento para modificar a forma de xestión dun servizo público.
- 3) Resolución da Alcaldía núm. 249 do 09.05.2022 mediante a que se crea unha Comisión de Estudo sobre a modificación da forma de xestión do servizo público “SAF Libre Concorrenza”.
- 4) Acta de Constitución da Comisión de Estudo do 13.05.2022.
- 5) Memoria Xustificativa da Comisión de Estudo sobre os aspectos sociais, xurídicos, técnicos e financeiros, do 18.05.2022.
- 6) Acta de Disolución da Comisión de Estudo do 18.05.2022
- 7) Informe da Secretaría Intervención núm. 78/2022 do 18.05.2022, relativo á estabilidade orzamentaria con ocasión da modificación da forma de prestación do servizo.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Fundamentación Xurídica:

O expediente administrativo pretende cambiar a forma de prestación do Servizo de Axuda no Fogar, modalidade Libre Concorrenza. Neste momento préstase de xeito directo, mediante persoal propio; e preténdese prestar de xeito indirecto, mediante a licitación dun contrato de servizos, ao abeiro da Lei de Contratos do Sector Público.

A Memoria Xustificativa elaborada pola Comisión de Estudo contén os aspectos sociais, xurídicos, técnicos e económicos que motivan a proposta no cambio de prestación deste servizo público.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable, polo que, de conformidade co previsto no artigo 97 do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril e o artigo 22.2.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, o Pleno Corporativo

ACORDA:

Primeiro: Considerar que a forma máis axeitada para a xestión do Servizo de Axuda no Fogar, modalidade Libre Concorrenza, polos motivos expresados na Memoria Xustificativa elaborada pola Comisión de Estudo, é a seguinte:

- Xestión Indirecta mediante a celebración dun Contrato de Servizos, onde non se transfere o risco operacional ao contratista, senón que é asumido pola Administración.

Segundo: Aprobar inicialmente a modificación da forma de xestión do Servizo de Axuda no Fogar, modalidade Libre Concorrenza, de acordo coa Memoria Xustificativa.

Terceiro: Someter a Memoria Xustificativa e o expediente a información pública por un prazo de 30 días naturais, anunciándose no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro da Sede Electrónica do Concello, a efectos de que por calquera persoa interesada se poidan formular as observacións que se estimen pertinentes".

3) APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO CONCELLO DE LOUSAME

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete ao Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

Asunto: Aprobación da Relación de Postos de Trabajo do Concello de Lousame
Expediente: 2021/X998/000103

PROPOSTA AO PLENO CORPORATIVO

O Pleno Corporativo, órgano competente para adopción deste acordo, adóptao en base aos seguintes antecedentes administrativos e fundamentación xurídica.

Antecedentes Administrativos:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Primeiro: Tal e como establece o artigo 74 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Os devanditos instrumentos serán públicos.

Segundo: Ante a ausencia de devandito instrumento no Concello, e sendo obrigada a súa existencia, dado o disposto no artigo 90.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, considerouse necesario que este Concello elaborase a relación dos postos de traballo existentes na súa organización.

Para esta finalidade celebrouse un contrato menor de servizos, mediante Resolución da Alcaldía núm. 105 do 03.03.2020, sendo adxudicatario J&L TUDÓ CONSULTING, S.L., con CIF B70259510.

Terceiro: Unha vez elaborada a proposta da Relación de Postos de Traballo (RPT), iniciouse a negociación coas organizacións sindicais máis representativas, sendo convidados os sindicatos: UGT, CCOO, CSIF e CIG. En virtude deste negociación obrigatoria tiveron lugar as seguintes Mesas Xerais de Negociación:

- Mesa Xeral de Negociación, do día 15.11.2021, cuxo obxecto foi a negociación do “organigrama” e as “funcións” de cada un dos postos de traballo.
- Mesa Xeral de Negociación, do 26.11.2021, cuxo obxecto foi a negociación do cambio introducido no documento “funcións” e a “asignación de puntuacións” a cada un dos postos de traballo.
- Mesa Xeral de Negociación, do 16.12.2021, cuxo obxecto foi a negociación da “valoración económica” de cada un dos postos de traballo e o texto definitivo do documento técnico da RPT, e os prazos de aplicación das valoracións económicas de cada posto.

6

Cuarto: Finalizada a negociación obrigatoria coas organizacións sindicais, foi preciso dotar o crédito necesario para poder aplicar a RPT. Este crédito quedou dotado, para o exercicio 2022, no Orzamento definitivo deste exercicio, cuxa aprobación inicial tivo lugar o 04.03.2022. A aprobación inicial quedou elevada a definitiva ao non terse presentado alegacións durante o período de información pública que finalizou o 29/03/2020. A aprobación definitiva foi publicada no BOP núm. 64 do 04/04/2022.

Quinto: Mediante Providencia da Alcaldía solicitouse informe da Secretaría-Intervención.

Sexto: Informe da Secretaría-Intervención núm. 58/2022 do 04/04/2022 con carácter previo á aprobación inicial da RPT.

Sétimo: O 04.04.2022 a Alcaldía asina a proposta de acordo para ser sometida a consideración do Pleno Corporativo, facendo referencia a valores do exercicio 2021.

Oitavo: O 06.04.2022 a Alcaldía asina unha nova proposta de acordo para ser sometida a consideración do Pleno Corporativo, facendo referencia a valores do exercicio 2022.

Noveno: O 07.04.2022 a Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria ditamina favorablemente a proposta de acordo da Alcaldía do día 06.04.2022.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Décimo: O 08.04.2022 o Pleno Corporativo aproba inicialmente a Relación de Postos de Traballo do Concello de Lousame.

Undécimo: Iníciase un período de información pública, por prazo de 20 días hábiles, mediante anuncios publicados en:

- Boletín Oficial da Provincia núm. 70 do 12.04.2022.
- Taboleiro de Edictos da sede electrónica, dende o día 10.04.2022

Décimo segundo: Durante o período de información pública constan presentadas as seguintes alegacións:

Número	Data	Rexistro	Interesado
1	28.04.2022	202299900000126	Colexio de Educadoras/es Sociais de Galicia
2	03.05.2022	608	Mª de los Ángeles Vilasoa Coto
3	03.05.2022	613	Anxo Moledo Carreño
4	03.05.2022	614	María Filgueira Pérez
5	03.05.2022	615	Mª José Eiras Blanco
6	04.05.2022	619	Luz Mª Sambade Roo

Décimo terceiro: O redactor do documento técnico da RPT emite informe técnico sobre as alegacións presentadas, o día 19.05.2022 con rexistro de entrada 202299900000150.

Décimo cuarto: Incorporación ao expediente dunha nova versión do documento denominado “Organigrama, funcións e RPT”, o día 19.05.2022, tras o resultado do trámite de audiencia.

Décimo quinto: Informe da Secretaría-Intervención núm. 79/2022 do 19/05/2022 con carácter previo á aprobación definitiva da RPT.

Fundamentación Xurídica:

Primeiro: A RPT é o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos, e se precisan os requisitos para desempeñar cada un dos postos.

Segundo: As RPT ou instrumentos organizativos similares comprenderán, alomenos, a denominación dos postos de traballo, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, aos que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias (art. 74 TREBEP, art. 38 LEPG e art. 90.2 LRBRL).

Terceiro: A RPT foi negociada na Mesa Xeral de Negociación, nos termos previstos nos artigos 34 e 37.2.c) TREBEP. Así mesmo, na Mesa Xeral de Negociación adoptáronse os seguintes acordos relativos á aplicación dos efectos económicos da RPT e que agora debe aprobar o órgano municipal competente:

- Aplicarase unha subida progresiva, que comezaría o 1 de xullo de 2022 e culminaría o 1 de xaneiro de 2025. É dicir, o 01.01.2025 os empregados xa cobrarían o importe que deriva da aprobación da Relación de Postos de Traballo, cos incrementos que procedan en función das Leis Xerais do Estado de cada ano.
- No 2022, o incremento cífrase no 16% do incremento total que lle corresponda a cada posto. E aplicaríase dende o 01.07.2022 até o fin do exercicio.
- No 2023, 2024 e 2025 o incremento será do 28% cada ano, e aplicaríase dende o 1 de xaneiro de cada





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ano.

- No caso dos postos nos que diminúen as retribucións, a baixada xa se aplicaría no exercicio 2022.

Cuarto: O Convenio Colectivo do Persoal laboral do Concello de Lousame (BOP núm. 231 do 04.12.2019), no seu artigo 71 sinala que:

- Co obxecto de acadar unha homologación xeral das condicións laborais do persoal funcionario e laboral do Concello de Lousame e co gallo de facilitar unha xestión homoxénea e integral dos recursos humanos municipais asúmese como obxectivo prioritario en materia salarial a aplicación ao persoal laboral municipal do mesmo sistema retributivo que o legalmente establecido en cada momento para o persoal funcionario do Concello, resultándolles aplicables en cada momento a estrutura, conceptos, criterios e límites retributivos aplicables, segundo a normativa vixente, ao persoal funcionario.
- A aplicación deste sistema retributivo requirirá, para a súa plena efectividade, da previa aprobación da RPT municipal e, particularmente, da determinación, no seo da mesma, e no tocante aos postos de persoal laboral do seu nivel de destino e complemento específico.

Quinto: O procedemento de aprobación das RPT réxese polo establecido nos artigos 127 TRRL e 22.2.i) LBRL e, en Galicia, tamén polo previsto no art. 202 LEPG. Este derradeiro precepto dispón que, para o caso de formularse alegacións, o Pleno da Corporación deberá resolvelas e aprobar definitivamente a RPT.

Á vista das alegacións formuladas, estímase conveniente resolvelas no senso indicado no informe de data 19.05.2022 emitido pola empresa redactora da RPT.

Sexto: O Pleno da Corporación é o órgano competente para a aprobación da RPT (art. 22.2.i) LBRL)

8

Unha vez aprobada definitivamente, a RPT publicarase no Boletín Oficial da Provincia e remitirase copia aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de 30 días.

Cumprimentado o procedemento previsto no artigo 202 da Lei 2/2015, de emprego publico de Galicia, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Resolver as alegacións formuladas durante o trámite de información pública de acordo co indicado no informe de data 19.05.2022 emitido pola redactora da RPT, cuxo contido se incorpora como fundamentación a este acordo:

- Alegacións que se estiman total ou parcialmente:

Data	Rexistro	Interesado
03.05.2022	608	Mª de los Ángeles Vilasoa Coto
03.05.2022	613	Anxo Moledo Carreño
03.05.2022	614	María Filgueira Pérez
03.05.2022	615	Mª José Eiras Blanco
04.05.2022	619	Luz Mª Sambade Roo

- Alegacións que se desestiman:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Data	Rexistro	Interesado
28.04.2022	202299900000126	Colexio de Educadoras/es Sociais de Galicia

Segundo: Aprobar definitivamente a Relación de Postos de Traballo do Concello de Lousame, con todos os documentos que a integran, incluíndo as modificacións que derivan da estimación das alegacións formuladas e das demais correccións acordadas.

Terceiro: Aprobar as seguintes regras para a implantación efectiva e gradual da RPT:

- Aplicarase unha subida progresiva, que comezará o 1 de xullo de 2022 e culminará o 1 de xaneiro de 2025; de tal xeito que o 01.01.2025 os empregados percibirán o importe que deriva da aprobación da Relación de Postos de Traballo, cos incrementos que procedan en función das Leis de Orzamentos Xerais do Estado de cada ano.
- No 2022, o incremento cífrase no 16% do incremento total que lle corresponda a cada posto. Aplicarase dende o 01.07.2022 até o fin do exercicio.
- No 2023, 2024 e 2025 o incremento será do 28% anual, aplicándose dende o 1 de xaneiro de cada ano.
- No caso dos postos nos que diminúen as retribucións, a baixada aplicarase de xeito íntegro no exercicio 2022.

Cuarto: Aprobar, a partir do 01.07.2022, no cumprimento do artigo 71 do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Lousame, a aplicación ao persoal laboral municipal do mesmo sistema retributivo que o legalmente establecido en cada momento para o persoal funcionario do Concello, resultándolles aplicables en cada momento a estrutura, conceptos, criterios e límites retributivos aplicables, segundo a normativa vixente, ao persoal funcionario.

Quinto: Publicar este acordo así como a Relación de Postos de Traballo do Concello de Lousame no Boletín Oficial da Provincia, dar conta aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, así como remitirle copia da Relación de Postos de Traballo aprobada no prazo de 30 días.

Lousame, na data da sinatura dixital

A Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais

A Alcaldía pregunta se hai intervencións.

O voceiro do Grupo Mixto quere que conste en acta que a consultora redactora da RPT, no informe de contestación ás alegacións presentadas á aprobación inicial da RPT, fai referencia a el como traballador do Centro de Día. Evidentemente é un erro, pero considera que debe quedar constancia desta circunstancia.

Non habendo máis intervencións, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Asunto: Aprobación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Lousame
Expediente: 2021/X998/000103

“O Pleno Corporativo, órgano competente para adopción deste acordo, adóptao en base aos seguintes antecedentes administrativos e fundamentación xurídica.

Antecedentes Administrativos:

Primeiro: Tal e como establece o artigo 74 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Os devanditos instrumentos serán públicos.

Segundo: Ante a ausencia de devandito instrumento no Concello, e sendo obrigada a súa existencia, dado o disposto no artigo 90.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, considerouse necesario que este Concello elaborase a relación dos postos de traballo existentes na súa organización.

Para esta finalidade celebrouse un contrato menor de servizos, mediante Resolución da Alcaldía núm. 105 do 03.03.2020, sendo adxudicatario J&L TUDÓ CONSULTING, S.L., con CIF B70259510.

Terceiro: Unha vez elaborada a proposta da Relación de Postos de Traballo (RPT), iniciouse a negociación coas organizacións sindicais máis representativas, sendo convidados os sindicatos: UGT, CCOO, CSIF e CIG. En virtude deste negociación obrigatoria tiveron lugar as seguintes Mesas Xerais de Negociación:

- Mesa Xeral de Negociación, do día 15.11.2021, cuxo obxecto foi a negociación do “organigrama” e as “funcións” de cada un dos postos de traballo.
- Mesa Xeral de Negociación, do 26.11.2021, cuxo obxecto foi a negociación do cambio introducido no documento “funcións” e a “asignación de puntuacións” a cada un dos postos de traballo.
- Mesa Xeral de Negociación, do 16.12.2021, cuxo obxecto foi a negociación da “valoración económica” de cada un dos postos de traballo e o texto definitivo do documento técnico da RPT, e os prazos de aplicación das valoracións económicas de cada posto.

Cuarto: Finalizada a negociación obrigatoria coas organizacións sindicais, foi preciso dotar o crédito necesario para poder aplicar a RPT. Este crédito quedou dotado, para o exercicio 2022, no Orzamento definitivo deste exercicio, cuxa aprobación inicial tivo lugar o 04.03.2022. A aprobación inicial quedou elevada a definitiva ao non terse presentado alegacións durante o período de información pública que finalizou o 29/03/2020. A aprobación definitiva foi publicada no BOP núm. 64 do 04/04/2022.

Quinto: Mediante Providencia da Alcaldía solicitouse informe da Secretaría-Intervención.

Sexto: Informe da Secretaría-Intervención núm. 58/2022 do 04/04/2022 con carácter previo á aprobación inicial da RPT.

Sétimo: O 04.04.2022 a Alcaldía asina a proposta de acordo para ser sometida a consideración do Pleno Corporativo, facendo referencia a valores do exercicio 2021.

Oitavo: O 06.04.2022 a Alcaldía asina unha nova proposta de acordo para ser sometida a consideración do Pleno Corporativo, facendo referencia a valores do exercicio 2022.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Noveno: O 07.04.2022 a Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria ditamina favorablemente a proposta de acordo da Alcaldía do día 06.04.2022.

Décimo: O 08.04.2022 o Pleno Corporativo aproba inicialmente a Relación de Postos de Traballo do Concello de Lousame.

Undécimo: Iníciase un período de información pública, por prazo de 20 días hábiles, mediante anuncios publicados en:

- Boletín Oficial da Provincia núm. 70 do 12.04.2022.
- Taboleiro de Edictos da sede electrónica, dende o día 10.04.2022

Décimo segundo: Durante o período de información pública constan presentadas as seguintes alegacións:

Número	Data	Rexistro	Interesado
1	28.04.2022	202299900000126	Colexio de Educadoras/es Sociais de Galicia
2	03.05.2022	608	Mª de los Angeles Vilasoa Coto
3	03.05.2022	613	Anxo Moledo Carreño
4	03.05.2022	614	María Filgueira Pérez
5	03.05.2022	615	Mª José Eiras Blanco
6	04.05.2022	619	Luz Mª Sambade Roo

Décimo terceiro: O redactor do documento técnico da RPT emite informe técnico sobre as alegacións presentadas, o día 19.05.2022 con rexistro de entrada 202299900000150.

Décimo cuarto: Incorporación ao expediente dunha nova versión do documento denominado "Organigrama, funcións e RPT", o día 19.05.2022, tras o resultado do trámite de audiencia.

Décimo quinto: Informe da Secretaría-Intervención núm. 79/2022 do 19/05/2022 con carácter previo á aprobación definitiva da RPT.

Fundamentación Xurídica:

Primeiro: A RPT é o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos, e se precisan os requisitos para desempeñar cada un dos postos.

Segundo: As RPT ou instrumentos organizativos similares comprenderán, alomenos, a denominación dos postos de traballo, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, aos que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias (art. 74 TREBEP, art. 38 LEPG e art. 90.2 LRBRL).

Terceiro: A RPT foi negociada na Mesa Xeral de Negociación, nos termos previstos nos artigos 34 e 37.2.c) TREBEP. Así mesmo, na Mesa Xeral de Negociación adoptáronse os seguintes acordos relativos á aplicación dos efectos económicos da RPT e que agora debe aprobar o órgano municipal competente:

- Aplicarase unha subida progresiva, que comezaría o 1 de xullo de 2022 e culminaría o 1 de xaneiro de 2025. É dicir, o 01.01.2025 os empregados xa cobrarían o importe que deriva da aprobación da Relación de Postos de Traballo, cos incrementos que procedan en función das Leis Xerais do Estado de cada ano.
- No 2022, o incremento cífrase no 16% do incremento total que lle corresponda a cada posto. E aplicaríase dende o 01.07.2022 até o fin do exercicio.
- No 2023, 2024 e 2025 o incremento será do 28% cada ano, e aplicaríase dende o 1 de xaneiro de





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

cada ano.

- No caso dos postos nos que diminúen as retribucións, a baixada xa se aplicaría no exercicio 2022.

Cuarto: O Convenio Colectivo do Persoal laboral do Concello de Lousame (BOP núm. 231 do 04.12.2019), no seu artigo 71 sinala que:

- Co obxecto de acadar unha homologación xeral das condicións laborais do persoal funcionario e laboral do Concello de Lousame e co gallo de facilitar unha xestión homoxénea e integral dos recursos humanos municipais asúmese como obxectivo prioritario en materia salarial a aplicación ao persoal laboral municipal do mesmo sistema retributivo que o legalmente establecido en cada momento para o persoal funcionario do Concello, resultándolles aplicables en cada momento a estrutura, conceptos, criterios e límites retributivos aplicables, segundo a normativa vixente, ao persoal funcionario.
- A aplicación deste sistema retributivo requirirá, para a súa plena efectividade, da previa aprobación da RPT municipal e, particularmente, da determinación, no seo da mesma, e no tocante aos postos de persoal laboral do seu nivel de destino e complemento específico.

Quinto: O procedemento de aprobación das RPT réxese polo establecido nos artigos 127 TRRL e 22.2.i) LBRL e, en Galicia, tamén polo previsto no art. 202 LEPG. Este derradeiro precepto dispón que, para o caso de formularse alegacións, o Pleno da Corporación deberá resolvelas e aprobar definitivamente a RPT.

Á vista das alegacións formuladas, estímase conveniente resolvelas no senso indicado no informe de data 19.05.2022 emitido pola empresa redactora da RPT.

Sexto: O Pleno da Corporación é o órgano competente para a aprobación da RPT (art. 22.2.i) LBRL)

Unha vez aprobada definitivamente, a RPT publicarase no Boletín Oficial da Provincia e remitirase copia aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de 30 días.

12

Cumprimentado o procedemento previsto no artigo 202 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Resolver as alegacións formuladas durante o trámite de información pública de acordo co indicado no informe de data 19.05.2022 emitido pola redactora da RPT, cuxo contido se incorpora como fundamentación a este acordo:

- Alegacións que se estiman total ou parcialmente:

Data	Rexistro	Interesado
03.05.2022	608	Mª de los Ángeles Vilasoa Coto
03.05.2022	613	Anxo Moledo Carreño
03.05.2022	614	María Filgueira Pérez
03.05.2022	615	Mª José Eiras Blanco
04.05.2022	619	Luz Mª Sambade Roo

- Alegacións que se desestiman:

Data	Rexistro	Interesado
28.04.2022	202299900000126	Colexio de Educadoras/es Sociais de Galicia





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Segundo: Aprobar definitivamente a Relación de Postos de Traballo do Concello de Lousame, con todos os documentos que a integran, incluíndo as modificacións que derivan da estimación das alegacións formuladas e das demais correccións acordadas.

Terceiro: Aprobar as seguintes regras para a implantación efectiva e gradual da RPT:

- Aplicarase unha subida progresiva, que comezará o 1 de xullo de 2022 e culminará o 1 de xaneiro de 2025; de tal xeito que o 01.01.2025 os empregados percibirán o importe que deriva da aprobación da Relación de Postos de Traballo, cos incrementos que procedan en función das Leis de Orzamentos Xerais do Estado de cada ano.
- No 2022, o incremento cífrase no 16% do incremento total que lle corresponda a cada posto. Aplicarase dende o 01.07.2022 até o fin do exercicio.
- No 2023, 2024 e 2025 o incremento será do 28% anual, aplicándose dende o 1 de xaneiro de cada ano.
- No caso dos postos nos que diminúen as retribucións, a baixada aplicarase de xeito íntegro no exercicio 2022.

Cuarto: Aprobar, a partir do 01.07.2022, no cumprimento do artigo 71 do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Lousame, a aplicación ao persoal laboral municipal do mesmo sistema retributivo que o legalmente establecido en cada momento para o persoal funcionario do Concello, resultándolles aplicables en cada momento a estrutura, conceptos, criterios e límites retributivos aplicables, segundo a normativa vixente, ao persoal funcionario.

Quinto: Publicar este acordo así como a Relación de Postos de Traballo do Concello de Lousame no Boletín Oficial da Provincia, dar conta aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, así como remitirle copia da Relación de Postos de Traballo aprobada no prazo de 30 días"

13

4) DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DA 163/2022 Á 265/2022

A Alcaldía da conta das Resolucións da Alcaldía da número 163/2022 á número 265/2022, que foron remitidas aos voceiros dos GPM xunto coa convocatoria.

A Corporación dase por enterada.

5) DACIÓN DE CONTA DO PMP RELATIVO AO 1º TRIMESTRE DE 2022

A Alcaldía da conta do Período Medio de Pago a provedores relativo ao 1º trimestre de 2022, que ascendeu a 36,10 días.

A Corporación dase por enterada.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

6) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO ARTIGO 218 DO TRLRFL

A Alcaldía da conta do informe da intervención emitido ao abeiro do artigo 218 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que foi remitido xunto coa convocatoria aos voceiros de cada grupo político municipal.

A Corporación dase por enterada.

7) DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES RESUMO DO CONTROL INTERNO

A Alcaldía da conta dos informes da intervención relativos ao control interno exercido no exercicio 2021, que foron remitidos xunto coa convocatoria aos voceiros de cada grupo político municipal.

A Corporación dáse por enterada.

8) INCLUSIÓN, SE PROCEDE, DE MOCIÓNS POR RAZÓN DE URXENCIA

14

8.1 APROBACIÓN INICIAL DA MC 14/2022 CRÉDITO EXTRAORDINARIO

A Alcaldía explica que o 13.05.2021 recibíuse notificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social sobre pagamento dunha cantidade derivada dun accidente laboral sufrido por un traballador do Concello contratado ao abeiro dun Plan de Emprego. No momento da recepción desa notificación, iniciáronse os trámites para solicitar o pagamento fraccionado desa cantidade. No día de hoxe, 27.05.2022, a Tesourería Xeral da Seguridade Social concedeu o aprazamento. O primeiro pago será a finais do mes de xuño do 2022, e durará 24 mensualidades. Polo tanto é preciso dotar o crédito nas aplicacións orzamentarias afectadas para facer fronte a ese pagamento. A tramitación do expediente farase por urxencia para que entre en vigor coa antelación suficiente. O expediente foi tramitado hoxe pola tarde, xusto antes da sesión plenaria. Por iso non foi posible incluílo na convocatoria.

A Alcaldía somete a votación a urxencia do asunto.

En consecuencia o Pleno Corporativo por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, ratifica a urxencia do asunto e a súa inclusión na Orde do Día do Pleno.

De seguido a Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a coñecemento do Pleno Corporativo:

PROPOSTA DA ALCALDÍA: APROBACIÓN INICIAL DO CE 14/2022





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Antecedentes administrativos:

Primeiro: Por Providencia da Alcaldía do 14.03.2022 incóase o procedemento para a confección e aprobación da Liquidación do Orzamento de 2021.

Segundo: Con data de 14.03.2022 a Secretaría-Intervención emite o seu informe núm. 42/2022 referente á aprobación da liquidación do expediente do orzamento.

Terceiro: Con data de 17.03.2022 a Secretaría-Intervención emite o seu informe núm. 43/2022 relativo ao cumprimento da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e nivel de endebedamento na liquidación do Orzamento de 2021.

Cuarto: Por Resolución da Alcaldía núm. 161/2022 do 17.03.2022 apróbase a Liquidación do Orzamento de 2021.

Quinto: Vistas as seguintes magnitudes derivadas da Liquidación do Orzamento do exercicio 2021 e o nivel de endebedamento a 31.12.2021 do Concello de Lousame:

- Superávit orzamentario de **0,00 €**
- RLTGX de **116.361,94 €**
- Endebedamento a 31.12.2021:
 - Con entidades bancarias ou financeiras: **0,00 €**
 - Coa Deputación Provincial (Préstamos Provinciais) a 31.12.2021: **900.308,55 €**
- Período Medio de Pago a Proveedores a 31.03.2022: **36,10 días**

15

Sexto: Para esta Alcaldía é prioritario proceder á cancelación das facturas e outros documentos xustificativos de gasto incluídos na conta 4130 a 31.12.2021; por este motivo, xa se tramitaron dous Recoñecementos Extraxudiciais de Crédito, de competencia plenaria, cuxa aprobación supuxo a cancelación das facturas incluídas na conta 4130 a 31.12.2021:

- REC 1/2022, por importe de 45.068,77 €
- REC 7/2022, por importe de 70.840,44 €

Sétimo: Por outra banda, xa foron tramitadas dúas modificacións orzamentarias financiadas co RLTGX, cuxas finalidades foron as seguintes:

- Suplemento de crédito por importe de 59.934,32 €, para consignar a achega municipal en algunha das inversións previstas no Orzamento Definitivo 2022.
- Crédito Extraordinaria por importe de 15.000 €, para consignar o crédito necesario para a adquisición de terreos para unha depuradora.

Oitavo: Por Providencia da Alcaldía incóase o procedemento para tramitar a MC 14/22, modalidade Suplemento de Crédito





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Noveno: A Alcaldía emite a Memoria no cumprimento do sinalado no artigo 37.2 do RD 500/1990, de 21 de abril.

Fundamentación xurídica:

Primeiro: O 11.05.2022, con Rexistro de Entrada 202200000000654, remítese por parte da TXSS reclamación de débeda en relación ao accidente laboral de BRP, por importe de 66.006,41 €. A partir dese momento, iníciase os trámites coa Tesourería Xeral da Seguridade Social para a concesión dun aprazamento para o pagamento da dita débeda.

O día 27.05.2022 recíbese a resolución estimatoria da solicitude de aprazamento da débeda, que se fará efectiva nun total de 24 mensualidades, comezando no mes de xuño de 2022; polo que é preciso dotar o crédito para a cantidade que haberá que satisfacer nesta anualidade: 19.045,77 de principal e 1.266,97 de xuros polo aprazamento solicitado.

Neste expediente de modificación orzamentaria 14/2022, modalidade crédito extraordinario, vaise dotar o crédito necesario para a seguinte finalidade:

AG	Económica	Concepto	CI	CE 14/22	CD
241	22604	Amortización débeda coa TXSS exercicio 2022	0	19.045,77	19.045,77
241	35900	Xuros derivados do aprazamento da débeda coa TXSS exercicio 2022	0	1.266,97	1.266,97

Segundo: A modificación de crédito **14/2022** será financiada co Remanente de Tesourería para gastos xerais (RLTGG), derivado da Liquidación do exercicio 2021, de acordo cos artigos 177 do TRLRFL e 36.1.a) do RD 500/1990, de 20 de abril.

16

Terceiro: O detalle das aplicacións orzamentarias nas que se pretende dotar crédito específico mediante a tramitación deste expediente de modificación orzamentaria son as seguintes:

Aplicacións orzamentarias	CI	CE 14/22	CD
241.22604	0	19.045,77	19.045,77
241.35900	0	1.266,97	1.266,97
	0	20.312,74	20.312,74

Cuarto: É preciso tramitar o expediente de xeito urgente, para poder dotar o crédito con carácter previo ao vencemento da primeira mensualidade, que se producirá o último día hábil do mes de xuño do 2022.

Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, nos artigos 35 e ss. do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Título VI da Lei de facendas locais, reguladores dos créditos extraordinarios, e o artigo 21.1 apartados f) e s) da Lei de bases do réxime local; este **Pleno Corporativo do Concello de Lousame, ACORDA:**

PRIMEIRO: Aplicar a tramitación de urgencia ao expediente administrativo, posto que o crédito debe quedar consignado con anterioridade ao vencemento da primeira mensualidade, que terá lugar o último día hábil do mes de xuño do 2022.

SEGUNDO: A aprobación inicial da modificación de crédito núm. **14/2022**, mediante a que se dotará crédito nas





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

aplicacións orzamentarias que se sinalan no seguinte cadro, financiando tal modificación co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais por importe de **20.312,74 €**:

Núm. expediente de MC por CE	14/2022				
Importe da modificación orzamentaria	20.312,74 €				
Tipo de financiamento	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais. 87000 / RLTGX				
Aplicacións orzamentarias nas que se dota crédito específico	<table><tr><td>241.22604</td><td>19.045,77</td></tr><tr><td>241.35900</td><td>1.266,97</td></tr></table>	241.22604	19.045,77	241.35900	1.266,97
241.22604	19.045,77				
241.35900	1.266,97				
Finalidade da modificación	Pago da débeda coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, exercicio 2022, expediente 1015003082593				

TERCEIRO: Expoñer o expediente ao público, previo anuncio no BOP, durante o prazo de 8 días hábiles, durante os cales o interesados poderán examinalo e presentar as súas reclamacións ante o Pleno Corporativo.

Documento asinado dixitalmente.

A Alcaldesa
M^a Teresa Villaverde Pais

A Alcaldía pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

17

En consecuencia o Pleno Corporativo por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

“Antecedentes administrativos:

Primeiro: Por Providencia da Alcaldía do 14.03.2022 incóase o procedemento para a confección e aprobación da Liquidación do Orzamento de 2021.

Segundo: Con data de 14.03.2022 a Secretaría-Intervención emite o seu informe núm. 42/2022 referente á aprobación da liquidación do expediente do orzamento.

Terceiro: Con data de 17.03.2022 a Secretaría-Intervención emite o seu informe núm. 43/2022 relativo ao cumprimento da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e nivel de endebedamento na liquidación do Orzamento de 2021.

Cuarto: Por Resolución da Alcaldía núm. 161/2022 do 17.03.2022 apróbase a Liquidación do Orzamento de 2021.

Quinto: Vistas as seguintes magnitudes derivadas da Liquidación do Orzamento do exercicio 2021 e o nivel de endebedamento a 31.12.2021 do Concello de Lousame:

- Superávit orzamentario de **0,00 €**
- RLTGX de **116.361,94 €**





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

— Endebamento a 31.12.2021:

- o Con entidades bancarias ou financeiras: **0,00 €**
- o Coa Deputación Provincial (Préstamos Provinciais) a 31.12.2021: **900.308,55 €**

— Período Medio de Pago a Provedores a 31.03.2022: **36,10 días**

Sexto: Para esta Alcaldía é prioritario proceder á cancelación das facturas e outros documentos xustificativos de gasto incluídos na conta 4130 a 31.12.2021; por este motivo, xa se tramitaron dous Recoñecementos Extradixiduais de Crédito, de competencia plenaria, cuxa aprobación supuxo a cancelación das facturas incluídas na conta 4130 a 31.12.2021:

- REC 1/2022, por importe de 45.068,77 €
- REC 7/2022, por importe de 70.840,44 €

Sétimo: Por outra banda, xa foron tramitadas dúas modificacións orzamentarias financiadas co RLTXG, cuxas finalidades foron as seguintes:

- Suplemento de crédito por importe de 59.934,32 €, para consignar a achega municipal en algunha das inversións previstas no Orzamento Definitivo 2022.
- Crédito Extraordinaria por importe de 15.000 €, para consignar o crédito necesario para a adquisición de terreos para unha depuradora.

Oitavo: Por Providencia da Alcaldía incóase o procedemento para tramitar a MC 14/22, modalidade Suplemento de Crédito

Noveno: A Alcaldía emite a Memoria no cumprimento do sinalado no artigo 37.2 do RD 500/1990, de 21 de abril.

Fundamentación xurídica:

Primeiro: O 11.05.2022, con Rexistro de Entrada 20220000000654, remítese por parte da TXSS reclamación de débeda en relación ao accidente laboral de BRP, por importe de 66.006,41 €. A partir dese momento, iníciase os trámites coa Tesourería Xeral da Seguridade Social para a concesión dun aprazamento para o pagamento da dita débeda.

O día 27.05.2022 recíbese a resolución estimatoria da solicitude de aprazamento da débeda, que se fará efectiva nun total de 24 mensualidades, comezando no mes de xuño de 2022; polo que é preciso dotar o crédito para a cantidade que haberá que satisfacer nesta anualidade: 19.045,77 de principal e 1.266,97 de xuros polo aprazamento solicitado.

Neste expediente de modificación orzamentaria 14/2022, modalidade crédito extraordinario, vaise dotar o crédito necesario para a seguinte finalidade:

AG	Económica	Concepto	CI	CE 14/22	CD
241	22604	Amortización débeda coa TXSS exercicio 2022	0	19.045,77	19.045,77
241	35900	Xuros derivados do aprazamento da débeda	0	1.266,97	1.266,97





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

		coa TXSS exercicio 2022			
--	--	-------------------------	--	--	--

Segundo: A modificación de crédito **14/2022** será financiada co Remanente de Tesourería para gastos xerais (RLTGG), derivado da Liquidación do exercicio 2021, de acordo cos artigos 177 do TRLRFL e 36.1.a) do RD 500/1990, de 20 de abril.

Terceiro: O detalle das aplicacións orzamentarias nas que se pretende dotar crédito específico mediante a tramitación deste expediente de modificación orzamentaria son as seguintes:

Aplicacións orzamentarias	CI	CE 14/22	CD
241.22604	0	19.045,77	19.045,77
241.35900	0	1.266,97	1.266,97
	0	20.312,74	20.312,74

Cuarto: É preciso tramitar o expediente de xeito urgente, para poder dotar o crédito con carácter previo ao vencemento da primeira mensuralidade, que se producirá o último día hábil do mes de xuño do 2022.

Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, nos artigos 35 e ss. do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Título VI da Lei de facendas locais, reguladores dos créditos extraordinarios, e o artigo 21.1 apartados f) e s) da Lei de bases do réxime local; este **Pleno Corporativo do Concello de Lousame, ACORDA:**

PRIMEIRO: Aplicar a tramitación de urgencia ao expediente administrativo, posto que o crédito debe quedar consignado con anterioridade ao vencemento da primeira mensuralidade, que terá lugar o último día hábil do mes de xuño do 2022.

SEGUNDO: A aprobación inicial da modificación de crédito núm. **14/2022**, mediante a que se dotará crédito nas aplicacións orzamentarias que se sinalan no seguinte cadro, financiando tal modificación co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais por importe de **20.312,74 €**:

Núm. expediente de MC por CE	14/2022		
Importe da modificación orzamentaria	20.312,74 €		
Tipo de financiamento	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais. 87000 / RLTGX		
Aplicacións orzamentarias nas que se dota crédito específico			
	241.22604	19.045,77	
	241.35900	1.266,97	
Finalidade da modificación	Pago da débeda coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, exercicio 2022, expediente 1015003082593		

TERCEIRO: Expoñer o expediente ao público, previo anuncio no BOP, durante o prazo de 8 días hábiles, durante os cales o interesados poderán examinalo e presentar as súas reclamacións ante o Pleno Corporativo"

19

FIRMA: 06/06/2022 14:10:00

María Teresa Villaverde Pais

(FECHA: 06/06/2022 11:07:00)

FIRMA: Paula Ares Otero

Versión imprimible

CVD: Bgi5qZ/MeuvVwoP2q3mx
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

8.2 MOCIÓN DO GPM DO PP RELATIVA A MEDIDAS PARA PALIAR O IMPACTO ECONÓMICO DA INVASIÓN DE UCRAÍNA

D. Ramón Manuel Martínez Rial, 1º Tenente de Alcalde, comenta que o GPM do PP quere presentar unha moción por razón de urxencia, relativa a medidas para paliar o impacto económico da invasión de Ucraína. A urxencia está motivada pola necesidade de adoptar medidas que axuden ás familias en todas as consecuencias que se están derivando do conflito.

A Alcaldesa somete a votación a ratificación da urxencia do asunto.

En consecuencia o Pleno Corporativo por oito (8) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e Mixto) e tres (3) abstencións (emitidas polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, ratifica a urxencia da moción e a súa inclusión na Orde do Día do Pleno.

D. Ramón Manuel Martínez Rial procede a dar lectura á moción:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA PALIAR O IMPACTO ECONÓMICO DA INVASIÓN DE UCRAÍNA

O Grupo Municipal Popular no concello de Lousame de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia está ao carón dos esforzos que está a desenvolver a Unión Europea e os gobernos dos distintos Estados membros, incluído o Goberno de España, reivindicando o restablecemento da legalidade internacional e da paz tras a invasión de Ucraína por parte de Rusia, tendo como guía nesta crise os principios e valores democráticos e a protección dos dereitos fundamentais contemplados no Preámbulo do Tratado de constitución da Alianza do Atlántico Norte e na Constitución Europea.

De feito, desde a Comunidade galega se condena esta agresión inxustificada e se amosa unha total disposición a colaborar nunha resposta humanitaria coordinada co Goberno central en apoio ao pobo ucraino. Neste sentido, Galicia ten comunicado a disposición de máis de 1.400 prazas de acollida para refuxiados entre as habilitadas pola Xunta, concellos e entidades sociais; ao tempo que ten ofrecido preto de 500 camas nas sete áreas sanitarias con espazo específico para pacientes pediátricos e pacientes con tratamento oncolóxico, e traballar de forma activa na axuda humanitaria.

Pero, as incertezas que se derivan desta situación, unha das máis graves vividas en Europa desde a segunda guerra mundial, están a provocar un excepcional impacto económico no tecido produtivo e nas familias, que están a facer fronte a unha escalada sen precedentes no relativo aos prezos enerxéticos, así como á escaseza dalgunhas materias primas esenciais na cadea agro-mar-industria e outras industrias. Ademais, empresas presentes nestes dous países ou que lles viñan exportando os seus produtos e servizos vense afectados por unha contracción dos seus mercados, ao igual que as localidades turísticas que acollían a súa cidadanía.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Como consecuencia, faise necesario adoptar medidas urxentes para que os sectores como a industria, o agro e o mar poidan continuar coa súa actividade, mantendo o emprego, e para que as familias poidan facer fronte e a súas facturas.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular no concello de Lousame presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDOS**

1. "O concello de Lousame insta ao Goberno de España que faga efectivo o compromiso asumido na declaración pactada na Conferencia de Presidentes celebrada o domingo 13 de marzo de 2022, e poña en marcha as medidas urxentes necesarias para minimizar as consecuencias socioeconómicas nas empresas e nos cidadáns tras a invasión de Ucraína e, entre elas, as seguintes:

1) *Baixada dos impostos que gravan a electricidade, o gas, a gasolina e o gasóleo. En particular:*

a) *Reducir o Imposto Especial aos Hidrocarburos contemplado no artigo 50 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de Impostos Especiais, aos niveis mínimos de imposición aplicables aos carburantes, apuntados no Anexo I da Directiva 2003/96/CE do Consello do 27 de outubro de 2003, de maneira provisional e en tanto persista a excepcional situación de prezos.*

b) *Aplicar un tipo impositivo súper reducido do 4% do IVE á subministración de gas natural.*

c) *Instar á Comisión Europea á modificación da Directiva 2006/112/CE do Consello, do 28 de novembro de 2006, relativa ao sistema común do Imposto sobre o Valor Engadido, para que contemple a aplicación dun tipo impositivo reducido aos carburantes de automoción, así como a suspensión dos tipos mínimos do Imposto Especial de Hidrocarburos establecidos na 2003/96/CE do Consello, do 27 de outubro de 2003, de maneira provisional e en tanto persista a excepcional situación de prezos.*

d) *Estender as medidas fiscais adoptadas polo Goberno para mitigar a escalada da factura eléctrica ata o 31 de decembro de 2022 e incrementar a redución temporal do IVE para que pase do actual 10% ao 4%.*

e) *Xerar, para o sector marítimo-pesqueiro, medidas de análogo impacto ou obxectivo que as reducións impositivas demandadas para o gasóleo e gasolina, amais de demandar unha oposición firme e contundente contra as propostas de eliminación das bonificacións dos combustibles dos buques pesqueiros promovidas no marco da Unión Europea e da Organización Mundial do Comercio.*

2) *Medidas específicas para os sectores máis afectados: transporte, industrias electrointensivas, pesca, agrogandería e turismo. Incluída a exención temporal das cotizacións á Seguridade Social para alixeirar a carga que están a padecer estes sectores.*

3) *Rectificar a política enerxética abrupta que se vén levando a cabo e apostar por unha transición planificada, proporcional e xusta.*

4) *Reverter o incremento xeneralizado de impostos, descartando a implantación de peaxes nas autovías que suporían novas cargas para as familias e os sectores produtivos esenciais.*

5) *Impulsar un plan nacional de produtos estratéxicos para garantir a subministración de produtos básicos á poboación e no que se priorice a produción no mercado interior para afondar de maneira máis ordenada posible a carencia de materias primas e compoñentes.*

6) *Intensificar a flexibilización da normativa de contratación pública vixente, axilizando os procesos de contratación levados a cabo polas administracións públicas evitando trabas e custos desproporcionados.*

21





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

7) *Aplicar unha cogobernanza real dos fondos de recuperación Next Generation coas Comunidades Autónomas e axilizar a súa execución mediante criterios de selección xustos e transparentes, dando prioridade ao impulso de PERTEs que se axusten ás necesidades dos sectores claves para Galicia e a súa posta disposición do tecido produtivo.*

8) *Aplicar as modificacións dos créditos orzamentarios dos Orzamentos Xerais do Estado para 2022 que resulten necesarias para reducir gasto improdutivo.*

9) *Aplicar unha flexibilización temporal das medidas normativas de limitación de importación de materias primas para o sector transformador de produtos do mar (principalmente aceites).*

10) *Demandar da Unión Europea unha ampliación da flexibilidade interanual das cotas de pesca mediante a realización da distribución de TAC e cotas cara ao ano 2023 ou de adianto das posibilidades de pesca do próximo ano, atendendo á situación de escaso consumo ou caída de capturas e descargas durante este episodio de carestía de combustible.*

2. *Así mesmo, o concello de Lousame insta á Xunta de Galicia a analizar, xunto cos sectores máis afectados polas consecuencias da invasión de Ucraína (transporte, industrias electrointensivas, pesca, agrogandería, turismo ...) e, en coordinación coas políticas que ao efecto se impulsen pola Unión Europea e polo Goberno de España, a poñer en marcha aquelas medidas necesarias, no ámbito das súas competencias, coa finalidade de mitigar a situación pola que atravesan os mencionados sectores". En particular, impulsar e executar as medidas incluídas no plan de choque elaborado pola Xunta de Galicia, en concreto:*

1) *Activar o Bono Social Térmico para axudar aos fogares en situación de vulnerabilidade a afrontar os gastos de calefacción, auga quente e cociña, o do complemento autonómico de 100 euros aprobado no Consello do pasado xoves, 30 de marzo.*

2) *Reforzar as medidas activas no plan de aforro enerxético para as familias, solicitando ao goberno fondos para duplicar o impulso do autoconsumo eléctrico e as renovables térmicas nos fogares galegos (calefacción e auga quente).*

3) *Ampliar o programa Renove Automoción para seguir fomentando a compra de vehículos eficientes.*

4) *Axudar a pequenas e medianas empresas, cunha nova liña de avais de IGAPE-SGR destinada a cubrir as necesidades de liquidez, e a realizar investimentos en elementos produtivos que axuden a facer fronte á actual situación.*

5) *Desenvolver un programa de préstamos directos do IGAPE para a industria manufactureira que está a sufrir un maior impacto, así como habilitar os mecanismos necesarios para flexibilizar a devolución dos préstamos e avais directos da Xunta.*

6) *Activar o Bono Enerxía PEME, dirixido a comercios, hostalería e pequenas e medianas empresas para equipos que reduzan o consumo enerxético.*

7) *Activar o bono Turístico como efecto dinamizador do consumo interno e axilizar as axudas para a dixitalización e eficiencia enerxética neste ámbito.*

8) *Inxección extraordinaria para blindar o transporte público por estrada fronte á subida dos carburantes. E traballar na extensión deste compromiso ao sector do transporte sanitario urxente e non urxente, sociosanitario, educativo.*

9) *Inxectar liquidez ao sector gandeiro pola vía do financiamento de circulante (avais, subsidios de tipo de xuro,...) e do anticipo de axudas da PAC.*

10) *Crear o Observatorio da cadea alimentaria galega como organismo emisor de informes sobre a situación económica dos diferentes ámbitos do sector primario galego.*

22





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

11) *Crear a Axencia de Información e Control Alimentario de Galicia para dar cumprimento ás obrigas da Lei da cadea alimentaria, singularmente a prohibición da venda a perdas.*

12) *Poñer en marcha o Observatorio lácteo, onde se escenificará a relación entre os elos destacados ea de valor.*

13) *Activar as medidas económico-administrativas que sirvan como compensación aos profesionais do mar mediante o pago de dous meses das taxas portuarias que atinxen a esta actividade.*

14) *Inxectar liquidez no sector do mar mediante a axilización do abono de axudas concedidas, de forma análoga á liña de xestión realizada durante a pandemia provocada pola covid-19.>>*

En Lousame a 27 de maio de 2022

A voceira do GPM do PSdG-PSOE considera que a moción é moi extensa e é moi difícil analizala cunha simple lectura do concelleiro do PP. Poden estar de acordo nalgunhas cousas pero necesitan analizala xuntos para poder adoptar unha decisión.

A Alcaldesa fai un receso para poder examinar a sesión.

Finalizado o receso, a Alcaldesa coincide en que se trata dunha moción moi extensa e realmente é complicado poder analizala e estudala dentro da propia sesión plenaria. O ideal é que as mocións se traten nunha comisión informativa para poder debatelas e chegar a un acordo, se é posible, entre todos os grupos. Se non é posible, cada un presentará a súa. Sen embargo, neste Pleno Ordinario, non se puideron incluír as mocións de ningún grupo na Comisión Informativa.

Propón aos voceiros dos grupos facer unha reunión para tratar todas estas mocións que están pendentes e incluílas no vindeiro Pleno ordinario que será no mes de xuño.

Todos os concelleiros amosan a súa conformidade; polo que finalmente a moción do GPM do PP relativa a medidas para paliar o impacto económico da invasión e Ucraína e retirado da Orde do Día.

9) ROGOS E PREGUNTAS

A voceira do GPM do PSdG-PSOE plantexa as seguintes preguntas:

1) *Quere trasladar a pregunta que á súa vez lle trasladaron a ela varias persoas en relación á Xuntanza de Maiores. Hai varias persoas ás que non lle chegou a invitación.*

Alcaldesa: Si. Xa temos coñecemento diso e non sabe por que pasou. Os empregados da Área de Servizos Sociais, en virtude do padrón de habitantes, sacan as persoas que teñen máis dunha idade. E mandan a invitación á dirección que alí figura. Non sabe se pode ser alguén que non está empadroadado...

D^a Beatriz González Bargo di que esas persoas están empadroadas.

Alcaldesa: Ela tamén coñece persoas que están empadroadas e non lle chegou a invitación. Pídelle á voceira do GPM do PSdG-PSOE que lle diga a esas persoas que pasen polo Departamento de Servizos Sociais a ver que aconteceu; ver se a dirección está ben ou non. Ou se foi un problema do Servizo de Correos.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

2) *Aos veciños de Camboño convocóuselles a unha reunión. Algúns queixáronse de que non lles chegou no buzón esa convocatoria... Non se fai a través dun Bando para que todo o mundo teña constancia?*

Alcaldesa: Pode facerse a través dun Bando pero iso tampouco garante que o lea todo o mundo. Porque só o van ler as persoas que pasan pola zona na que está colocado o Bando. Por iso se intenta buzonear para que a convocatoria lle chegue ao maior número posible de persoas. O buzoneo fixérono dous concelleiros... E puido por erro quedar algunha casa atrás...

D. Ramón M. Martínez Rial di que neste caso non se fixo bando, e ese erro asúmeo el. Fíxose porta a porta porque consideran que así chega a todo o mundo.

A Alcaldesa di que nas vindeiras ocasión farán tamén o Bando. Pero a verdade é que a información chega mellor con buzoneo que co Bando, porque moitísima xente non os mira. Tamén se intenta publicitar pola web, no facebook... Pero non todo o mundo accede a estas tecnoloxías.

O voceiro do Grupo Mixto plantexa os seguintes rogos e preguntas:

1) *Comenta que os veciños de Tállara foron falar con eles porque dende o Concello quedaron con eles que ían ter unha reunión polo tema da fibra, e non houbo esa reunión.*

Alcaldesa: Iso non é certo. Dende o Concello mandáronse os escritos que había que mandar cos nomes das persoas afectadas. Queda pendente mandar un plano que agora pediron para que lle empracemos todos os sitios onde hai problema. Repite que as persoas que tiñan problemas se lle facilitou a canle para presentar os escritos que deben presentar. E as persoas que non comunicaron ter problemas, pero que sabemos que os teñen, tamén se lles fixo. Queda só pendente o tema do plano.

2) *O equipo de fútbol de Cruído comentoulle que lle pediran unhas redes ao Concello e que aínda non lle foron postas. E quería saber se o Concello ían poñer esas redes ou non.*

24

Alcaldesa: Sorpréndeme esa pregunta. Porque aínda onte estivo coa Directiva desde clube e estiveron comentando que está desbrozado, preparado o campo e o Bosque do Neno, que están as vallas listas para ese día... En ningún momento lle comentaron nada das redes. Ao acabar o Pleno vaille chamar para interesarse por este asunto. Vostede está seguro que é do Cruído?

D. Anxo Moledo Carreño di que si. Que se equivocou, que se refire ao Clube de Lesende.

Alcaldesa: Vaille explicar o que pasou. Porque ás veces a xente non coñece nin entende o que pasa na Administración. Había papeleiras e redes para colocar, porque estaban furadas. Esa rede á que se refire o Sr. Anxo Moledo xa está colocada. Pedíronse orzamentos a tres casas distintas e ao final optouse pola que era idónea para aí. As papeleiras chegaron despois de meses polo que pasa coas subministracións. Ela non sabe a explicación, pero as papeleiras tardaron 4 meses en servirse. Que non se preocupen os compañeiros de Lesende. A rede xa está colocada. Só falta asegurala por abaixo. O que pasa é que houbo que coordinarse coa empresa que ven a realizar o mantemento eléctrico, porque facían falla os elevadores.

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte e unha horas e vinte e cinco minutos (21:25 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. Alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A ALCALDESA

A SECRETARIA-INTERVENTORA

M^a Teresa Villaverde Pais

Paula Ares Otero

